



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DE COMISIÓNS DE SELECCIÓN

Asunto: Substitución do presidente da comisión de selección praza 21/12002

Feitos

Por Resolución do 19 de novembro de 2021 faise pública a relación definitiva de admitidos e excluídos e a composición da comisión de selección encargada de vulgar o concurso para a provisión da praza 21/12002, de Profesor/a Contratado/a Doutor/a da área de coñecemento de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, convocado por Resolución do 5 de outubro de 2021.

O día 22 de novembro o decano da Facultade de Ciencias da Comunicación, Luis Antonio Hernández Ibáñez, presidente da comisión de selección, comunica que se dan na súa persoa os motivos de abstención previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.5 da normativa da UDC reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno, na súa reunión do 30 de abril de 2014, e o 5.5 da resolución reitoral pola que se convocaron estas prazas, establecen que "Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impediren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade...".

Por todo o indicado, esta reitoría, en atención a que as razóns alegadas xustifican a substitución solicitada, resolve autorizar a substitución do presidente da comisión desta praza pola vicedecana da Facultade de Ciencias da Comunicación, M^a Teresa Piñeiro Otero, profesora Titular de Universidade.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

P.D. do reitor (R.R do 14/01/2020)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	y6CUK3WTY/be4i/pCWqeFQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	24/11/2021 11:22:16
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y6CUK3WTY/be4i/pCWqeFQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

